

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES

CURSO 2018-2019

(APROBADO EN CONSELLO ESCOLAR: 09-10-2018)

**PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES
 COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
 OUTRAS ACTIVIDADES
 PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA**

Para o curso escolar 2018-2019 contemplamos a realización das actividades que de seguida se sinalan, e que foron sometidas á consideración do Consello Escolar e aprobadas en sesión celebrada o día 9 de outubro de 2017. Tamén se toma o acordo que calquera outra actividade que se poida propoñer ao longo do curso en función de circunstancias favorables ou de necesidades concretas, se informe positivamente pola Comisión de Coordinación Pedagóxica antes de ser trasladada ao Consello Escolar, para a súa aprobación e posterior comunicación ás autoridades educativas (Xefatura Territorial), para os efectos oportunos.

Nalgunhas actividades que implican recursos económicos ou doutro tipo faise referencia ás institucións, entidades e organismos coa que se está a contactar e negociar para lograr as axudas necesarias.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Denominación	Descrición	Datas
Día Mundial do Teatro	Realización de diferentes actividades no centro en horario de mañá e tarde aprobadas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.	27 de marzo.
Día Mundial da Danza	Realización de algunha actividade concreta para conmemorar o día co alumnado que cursa a disciplina de Danza.	27 de abril.
Proxecto Nós	Participación no proxecto en colaboración coa Escola Superior de Teatro e Cinema de Lisboa, a Escola de Música e Artes do Espectáculo de Porto, o Centro Dramático Galego, o Teatro Nacional Dona María Segunda de Lisboa, e o Teatro Nacional São João de Porto. Preparación da segunda fase do proxecto e incorporación de novos parceiros ao mesmo.	Curso escolar.
Visitas académicas do alumnado	<p>Visitas a teatros do alumnado para coñecer elementos de maquinaria escénica, iluminación e os espazos de traballo común á praxe teatral ou audiovisual (Vigo, Santiago, Redondela, Ponte de Lima).</p> <p>Visitas a empresas de produción audiovisual para coñecer instalacións de realización audiovisual (Santiago, Vigo, Coruña).</p> <p>Visitas a obradoiros de creadores e compañías para coñecer prácticas profesionais específicas: elaboración de indumentaria, deseño escenográfico, títeres e marionetas...: Redondela, Madrid, Santiago de Compostela, Viana do Castelo, Braga.</p> <p>Colaboración do alumnado con traballos externos de compañías de teatro da contorna (Tui, Porriño, Cangas, Moaña, Vigo...),</p>	Outubro de 2018 a maio de 2019.

	<p>segundo acordos que se vaian establecendo.</p> <p>Saídas a centros educativos de Educación infantil, primaria e secundaria para realizar algunhas actividades vinculadas coa disciplina de Pedagogía teatral I e II.</p>	
Saídas de mostras de traballo e obradoiros do alumnado	<p>Presentación en teatros e auditorios de Galicia e do norte de Portugal de traballos realizados polo alumnado do centro como complemento necesario da súa formación en tanto implica traballo directo co público: Vigo, Viana do Castelo (PO), Ourense, Guimarães (PO), A Coruña, Ferrol, Santiago, Ponte de Lima (PO), Lugo, e outras vilas e cidades que se poidan incluír na proposta.</p> <p>Participación, de mediar a oportuna invitación, nas Mostras de Teatro Universitario de Galicia.</p>	Outubro de 2018 a xullo de 2019
Carrozas de Nadal, Reis e Entroido	Construción de diferentes elementos para festas de rúa como parte de proxectos reais de traballo propios do campo do deseño escénico con materiais achegados polas institucións ou organismos correspondentes.	De novembro de 2018 a febreiro de 2019.
Visitas á ESAD	Institutos de secundaria que visitan a ESAD coa finalidade de coñecer as instalacións e a oferta educativa.	De outubro de 2018 a abril de 2019.
Visitas da ESAD	Visitas de profesorado da ESAD a centros de ensino que o soliciten coa finalidade de explicar a oferta educativa da Escola.	De outubro de 2018 a maio de 2019.
Colaboración Universidade de Vigo	<p>Master en Mediación. Participación de alumnado como actores en mediación de conflitos.</p> <p>Esta iniciativa leva aparellada a celebración dun curso de formación para o alumnado participante.</p>	Curso escolar 2018-2019.
Colaboración Hospital Álvaro Cunqueiro	<p>Formación de MIR a través de procesos de simulación. Participación de alumnado como actores para simular os diferentes procesos hospitalarios nos que os médicos internos residentes adquiren competencias profesionais.</p> <p>Esta iniciativa leva aparellada a celebración dun curso de formación para o alumnado participante.</p> <p>Participación no Congreso Nacional de Medicina en Sanmtiago de Compostela, coa presentación dunha peza breve, baixo a coordinación de Afonso Becerra.</p>	<p>Curso escolar 2018-2019.</p> <p>12 de outubro</p>
Colaboración Museo de Pontevedra	Realización dun traballo escénico para o Museo de Pontevedra a partir de propostas plásticas ou narrativas realizadas polo propio Museo.	Curso escolar 2018-2019.
Colaboración coa Coral De Ruada	Realización dun traballo escénico sobre o texto <i>A retirada de Napoleón</i> , así como un congreso sobre a obra dramática de Xavier Prado Lameiro e unha Mostra sobre os espectáculos da Coral de Ruada e os aspectos artísticos e históricos dos mesmos, prestando especial atención á obra do escenógrafo Camilo Díaz Baliño.	Curso escolar 2018-2019

Jules Verne en Vigo	Realización de actividades escénicas en torno á figura de Jules Verne e a súa vinculación coa cidade de Vigo.	Xaneiro-xuño 2019
Participación Festival Internacional Comedia da Arte Francia	Participación de alumnado de 3º curso da especialidade de interpretación en diferentes actividades que se celebran en Nancy, Francia no marco da Giornata Mondiale della Comedia dell'Arte	Febreiro 2018
Intercambio ESAD de Canarias	Visita á ESAD de Canarias de alumnado de terceiro curso de interpretación.	Xuño de 2019
Participación na Cuadrienal de Praga	Participación na semana internacional de creación escenográfica que se celebra en Praga, na que participan as ESAD do Estado que imparten a especialidade de escenografía, co patrocinio do Instituto Nacional de Música e Artes Escénicas, do Ministerio de Cultura. Alumnado e profesorado de escenografía.	6 ao 16 de xuño de 2016
Colaboración Facultade de Filoloxía Universidade de Santiago	Traballos arredor do Fausto de Goethe e visitas a Santiago e encontros en Vigo, con alumnado de segundo curso de dirección escénica e dramaturxia	Curso escolar.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Denominación	Descrición	Datas	Recursos
Escénica, formación aberta	Realización de cursos de formación para entidades que o soliciten (Federación Galega de Teatro Afeccionado) ou para o público en xeral. Curso de iniciación á escenografía.	Durante todo o ano	Colaboración das entidades que solicitan a formación. Importe das matrículas.
Club do espectador	Continuidade do club para análise e comentario de espectáculos	Novembro de 2018 a xuño de 2019.	Persoal docente da ESAD e compañías de teatro
O tránsito á vida activa	Xornadas nas que se quere ofrecer unha análise das posibilidades e oportunidades para o emprendemento en artes escénicas.	Curso escolar 2018-2019.	AISGE Artistas Intérpretes, Sociedad de Gestión. Asociación de actores e actrices. Escena galega.
A dramaturxia como ámbito de creación	Xornadas nas que se analiza a situación e perspectivas da dramaturxia en Galicia, tanto a propia como a traducida, así como a escrita para a produción audiovisual. Acompañadas de lecturas dramatizadas.	Curso escolar 2018-2019	Sociedad General de Autores de España
O deseño escénico	Realización de traballos	Marzo, abril e	Museos de Vigo

como ámbito de creación	específicos para mostrar a esencia da escenografía como ámbito creativo	maio 2019	
Exposición de escenografías	Realización de mostras de traballos do alumnado de escenografía da ESAD: Cangas, Vigo.	Marzo- xuño de 2019	Casa da Cultura de Vigo Casa da Xuventude de Vigo Casa da Cultura de Cangas Explurart (Conservatorio Superior de Música de Vigo)
Mostra: as nosas compañías	Mostra de espectáculos realizados por compañías creadas por antigos alumnos e alumnas da Escola	Xaneiro a decembro 2019	Concello de Vigo
Seminario Permanente de Pedagogía teatral	Curso de teatro social Seminario de teatro social Encontro de teatro social	Curso escolar	Concello de Vigo

OUTRAS ACTIVIDADES

Participación en eventos nos que a ESAD vén estando presente nos últimos anos para dar a coñecer a oferta educativa do centros entre os seus potenciais usuarios, así como outras de visibilidade da actividade do centro.

Denominación	Descrición	Datas	Recursos
CULTURGAL	Presenza con Stand na Feira da Cultura Galega de Pontevedra	Decembro de 2018	Colaboración da Asociación CULTURGAL
EDUGAL	Presenza con Stand na Feira da educación de Pontevedra. EDUGAL	Febreiro 2019	Colaboración da Consellería de Cultura, Educación e OU.
Feiras de ensinanzas artísticas	Participación en eventos para a posta en valor da oferta das ensinanzas artísticas entre o alumnado de secundaria e bacharelato: Vigo, Pontearreas, A Coruña, Ferrol.	Todo o curso escolar	Os facilitados polas entidades organizadoras.
Congreso de Investigación teatral	II Congreso de investigacións escénicas.	Xaneiro – xullo 2019	Participantes na experiencia. Concello de Vigo. AGADIC.
Os nosos titulados e as súas compañías	Creación na páxina web da Escola dun apartado no que poidamos incluír un breve currículo dos nosos titulados e tituladas e referencias ás súas	A partir de xaneiro de 2019	Profesorado da ESAD

	compañías como medio de darlles visibilidade, así como poñer en valor o seu traballo e o da propia escola		
Blog ESAD	Creación dun Blog para dar información teatral diversa	A partir de xaneiro de 2019	Profesorado da ESAD
Colaboracións externas	Colaboración con outras entidades de Vigo ou de Galicia (Orquestra 430, Asociación Cultural Navia...) para a realización de actividades, para o que se solicitará en cada caso aprobación do Consello.	Todo o ano	Os aportados polas entidades que soliciten a nosa colaboración
Curso de iniciación á escenografía	Destinado a persoas de Vigo e a súa contorna	Febreiro-marzo de 2019.	Matrícula dos participantes na actividade.

ACTIVIDADES PARA A PROMOCIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA

Denominación	Descrición	Datas	Recursos
Concurso de Teatro	Concurso de obras dramáticas	Letras Galegas 2018	AGADIC
A pegada do eco	Programa de lecturas dramatizadas realizado por profesorado e alumnado da Escola	Todo o curso escolar	SGAE
Tradución de textos dramáticos	Realización de versións galegas de obras dramáticas para traballos de aula, obradoiros e Traballos de fin de estudos	Todo o curso escolar	Profesorado da Escola e colaboracións externas.
No teatro, en galego	Campaña de fomento do uso da lingua, coa celebración de mesas redondas, conferencias, ou debates e coa realización dun pin.	Todo o curso escolar	AGADIC. Secretaría Xeral de Política Lingüística.